



PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN DE INFECCIÓN POLO SARS-CoV-2 CON TEST RÁPIDO DE ANTÍXENO EN SALIVA EN CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Dirección Xeral de Saúde Pública

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

1. Introducción

A rápida extensión do contaxio por SARS-CoV-2 deu lugar, ao inicio da pandemia, ao peche de centros educativos co conseguinte impacto no desenvolvemento e na educación da poboación en etapa de aprendizaxe. Por este motivo, ao longo da pandemia, instauráronse medidas preventivas específicas que permitiron reabrir as aulas cunha transmisión limitada da COVID-19.

A situación epidemiolóxica actual, cunha elevada transmisión, e a aparición dunha nova variante, a Ómicron, que parece ser máis contaxiosa que a predominante ata o de agora, fai necesario realizar unha adaptación temporal da vixilancia da COVID-19 no ámbito educativo co fin de reforzar a seguridade destas contornas na volta as aulas tras as vacacións do Nadal.

Neste sentido, seguindo as liñas de actuación dos documentos aprobados pola *Comisión de Salud Pública do Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud*, "*Adaptación de la estrategia de detección precoz, vigilancia y control de COVID-19 en periodo de alta transmisión comunitaria*" aprobada o pasado 30 de decembro de 2021 e a "*Adaptación de la guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos a un contexto de alta circulación de virus SARS-CoV-2*" aprobada o pasado 8 de xaneiro de 2022, modificouse o protocolo de vixilancia da COVID-19 no ámbito educativo. Un dos cambios máis salientables refírese ao manexo de casos esporádicos nun aula entre o alumnado/traballadores de educación infantil e primaria. Este cambio supón que ante esta situación de casos esporádicos non se identificarán contactos estreitos nos centros educativos, limitándose a busca de contactos a momentos nos que se identifique unha agrupación de casos.

Tendo en conta o anterior, a Consellería de Sanidade, seguindo a súa estratexia de traballo para a optimización da xestión da pandemia, implementa un sistema de detección do SARS-CoV-2 no ámbito educativo de primaria proporcionando tests de antíxeno en saliva que os/as alumnos/as poderán realizar no seu domicilio. Este sistema estará dispoñible durante un período estimado correspondente as dúas primeiras semanas da volta as aulas tras as vacacións do Nadal (o que correspondería ao período máximo de incubación de 14 días da COVID-19), se ben poderá ampliarse en función da evolución da pandemia.

A proba rápida de antíxeno de COVID-19 en saliva é un test que, ao igual que o test de antíxeno con mostra nasofarínxea, permite obter un resultado positivo ou negativo en 10-15 minutos. Este test, baseado en inmunocomatografía de fluxo lateral, analiza a posible presenza da proteína do virus na mostra de saliva depositada previamente no tubo de recollida da mostra e teñen unha sensibilidade maior do 90% e unha especificidade mínima do 97%.

Tendo en conta o tipo de proba diagnóstica dispoñible, e a dificultade que pode supoñer a correcta toma de mostra nos/as nenos/as de menor idade, este procedemento aplicarase unicamente no ámbito da educación primaria (alumnado de 6 a 11 anos).

2. Obxectivo

Establecer o procedemento para a despistaxe de infección polo SARS-CoV-2 mediante a realización de test de antíxeno en saliva no ámbito educativo de primaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Ámbito de aplicación

Alumnado do ámbito da educación primaria pública e privada da Comunidade Autónoma de Galicia que voluntariamente desexe realizar a proba diagnóstica da COVID-19 tras a detección dun caso esporádico de COVID-19 entre a súa rede de contactos máis próximos (aula, comedor, etc) e que cumpra os seguintes requisitos:

- **Non atoparse en situación de illamento por ser caso confirmado de COVID-19.**
- **Non atoparse en situación de corentena por ser contacto estreito dun caso confirmado.**
- **Non ter padecido COVID-19 nos 3 meses previos.**

4. Procedemento para a despistaxe de infección con test rápido de antixeno en saliva no ámbito da educación primaria

Seguindo o protocolo establecido, ante a aparición dun caso esporádico de COVID-19 nun centro educativo a central de seguimento de contactos (CSC) notificará a través de EduCOVID esta circunstancia ao equipo COVID do centro. Nesta notificación figurará un número de identificación do caso (IdOrixe) que será necesaria para xustificar a entrega de test aos alumnos/as que formen parte da rede de contactos máis próxima ao caso.

4.1. Solicitude dos test de antixenos en saliva

Todos os centros de educación primaria de Galicia disporán dun stock inicial de test de antixeno en saliva equivalente ao 25% do alumnado de educación primaria.

- Unha vez que se empregue dous terzos do mesmo, o centro educativo poderá solicitar novos test a través do correo electrónico antixenos.educacion@sergas.es. Na solicitude deberase indicar:
 - IdOrixe de todos os casos esporádicos que motivaron a entrega de test diagnósticos.
 - Número de alumnos/as da aula á que pertence cada un dos casos esporádicos.
 - Número total de alumnos/as aos que se lles entregou un test.
 - Xustificación daqueles casos nos que se supere a media de 10 test por caso esporádico (media aproximada do número de alumnos/as que forma parte da rede de contactos máis próximos) ou, de ser aulas con menos de 10 alumnos/as, supérese o número correspondente ao total de alumnado da aula.

4.2. Valoración das solicitudes e envío dos test

As solicitudes remitidas ao correo antixenos.educacion@sergas.es serán avaliadas pola Dirección de Recursos Económicos da Consellería de Sanidade.

No caso de que a solicitude sexa autorizada, remitiranse os novos test ao centro educativo nun prazo de 24-48 horas. No caso contrario, notificarase esta circunstancia ao centro a través de correo electrónico.

4.3. Procedemento de toma e análise da mostra biolóxica

- Unha vez enviados os test ao centro educativo, o responsable do equipo COVID do centro proporcionará aos/ás alumnos/as que formen parte da rede de contactos máis próximos ao caso un kit para a realización da proba no domicilio.
- O procedemento para a toma da mostra de saliva realizarase segundo as especificacións recollidas no manual de instrucións do test.
- A toma da mostra e a técnica diagnóstica será realizada no domicilio do/a alumno/a.
- Antes de realizar a proba, debe permitirse que o kit e a mostra se equilibren a temperatura ambiente (15-30 °C).

As instrucións de uso son as seguintes:

Preparación para a recollida da mostra de saliva

- Antes de comezar, asegurarse de que o/a neno/a cumpra as seguintes condicións: non comer, beber, cepillar os dentes nin mascar chicle polo menos 30 minutos antes da recolección de saliva.
- Non deixar caer o hisopo nin depositalo sobre ningunha superficie. Isto contaminaría o hisopo e podería causar un mal resultado da proba.
- O/a neno/a deberá respirar profundamente e logo tusir de 3 a 5 veces nun pano desbotable ou no oco do brazo se non dispón de pano.

Recollida da mostra de saliva

- A recollida dunha mostra de saliva pode tomar de 2 a 5 minutos.

- Antes de cuspir, pechar a boca, relaxarse e fregar intensamente as fazulas durante 40 segundos para xerar saliva.
- Colocar a parte superior do embude preto da parte inferior dos beizos e comezar a depositar a mostra de saliva cusbindo no tubo.
- Recoller 0,5 ml da súa saliva no tubo. Trate de evitar as burbullas.

Pre-tratamento da mostra

- Sobre a saliva do/a neno/a, agregar o líquido tampón no tubo de recolección de saliva (2/3 do vial do tampón) de líquido tampón no tubo de recolección de saliva. Empregue o contagotas se é necesario.
- Tapar o tubo de recollida de saliva de forma segura.
- Despois de tapar o tubo de recolección de saliva, darlle a volta tres veces para mesturar a mostra co líquido do tubo.
- Esperar 3 minutos.



Carga da mostra no casete de proba

- Rachar a bolsa de papel de aluminio para abrir, sacar o casete de proba e colocalo en horizontal nunha superficie plana.
- Retirar a tapa superior do tubo de recolección de saliva. Premer suavemente para poñer 3-4 pingas da mestura da mostra na rexión de mostra (S) do casete de proba.


Lectura dos resultados

Esperar 10-15 minutos, ler o resultado despois de 15 minutos. Non ler os resultados despois de 30 minutos.

4.4. Interpretación dos resultados

Negativo	Aparece unha liña de cor na rexión da liña de control (C). Non aparece ningunha liña na rexión da liña de detección (T). Indica que non se detecta o antíxeno do SARS- CoV-2 e o resultado é negativo.	
Positivo	Aparecen dúas liñas de cor. Sempre debe aparecer unha liña de cor na rexión da liña de control (C) e outra liña na rexión da liña de detección (T). Significa que se detecta o antíxeno do SARS-CoV-2 e o resultado da proba é positivo.	

NOTA: A intensidade da cor das liñas de proba pode variar segundo a concentración de antíxeno do SARS-CoV-2 presente na mostra. Polo tanto, calquera ton de cor na rexión da liña de proba debe considerarse como un resultado positivo.

Inválido	A liña de control non aparece. As razóns máis probables de falta da liña de control son un insuficiente volume de mostra ou unha técnica de procedemento incorrecta. Revise o procedemento e repita a proba cun novo kit.	
----------	---	---

4.5. Comunicación e rexistro do resultado da proba

Todos/as os/as nenos/as que obteñan un resultado positivo na proba de antíxenos de autodiagnóstico serán consideradas directamente como caso confirmado de infección activa polo SARS-CoV-2. Polo tanto, estes/as nenos/as deberán seguir as medidas de illamento dispoñibles na páxina web do coronavirus ([ligazón](#)). En todo caso, o caso confirmado sempre deberá seguir as indicacións dos profesionais sanitarios que se encarguen do seu seguimento clínico.

Co fin de realizar o seguimento e estudo do caso confirmado, a persoa responsable do/a neno/a deberá notificar o positivo a Saúde Pública a través do formulario de **declaración responsable de autotest positivo** dispoñible na páxina web do coronavirus ([ligazón](#)) ou chamar ao **881 540 045**.

En ningún caso notificaranse resultados negativos.

Como indica o protocolo de educación, calquera persoa cun resultado positivo deberá informar ao centro educativo desta circunstancia.